



CEP CAMPOLONGO

PONTEVEDRA

CONCRECIÓN CURRICULAR

 <p>XUNTA DE GALICIA</p>	<p>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p> <p>Membro da</p>  <p>Escolas Asociadas de UNESCO</p>
---	--	--

1º Educación Primaria



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro da
Escolas
Associadas de
UNESCO

CIENCIAS DA NATUREZA

PERFIL DE ÁREA

Área:		CIENCIAS DA NATUREZA		
Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	
1º	CN	1º-CNB1.1.1-Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	É quen de buscar información de forma guiada e expresala de forma oral e escrita.	
1º	CN	1º-CNB1.1.2-Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Amosa certa autonomía na realización das tarefas.	
1º	CN	1º-CNB1.2.1-Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Traballa de forma individual e en grupo respectando ós compañeiros e coidando e recollendo o material ó rematar de realizar as tarefas.	
1º	CN	1º-CNB2.2.1-Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	É quen de recoñecer alimentos saudables: froita, verdura...	
1º	CN	1º-CNB2.2.2-Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	Recoñece a importancia de facer exercicio físico e manter certos hábitos de hixiene: lavar as mans antes de comer, limpar os dentes e asearse.	
1º	CN	1º-CNB3.1.1-Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	Distingue entre plantas e animais.	
1º	CN	1º-CNB3.1.3-Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Respecta ás persoas, animais e plantas dentro do entorno escolar.	
1º	CN	1º-CNB4.1.1-Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	Recicla habitualmente dentro da aula.	
1º	CN	1º-CNB4.2.1-Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	Identifica, como mínimo, a cor, o cheiro e o sabor de materiais e obxectos da vida cotiá.	
1º	CN	1º-CNB5.1.1-Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	Nomea os oficios das persoas do seu contorno.	
1º	CN	1º-CNB5.1.2-Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	Identifica algúns aparellos e máquinas simples: tesoiras, punzón	

CIENCIAS SOCIAIS

PERFIL DE ÁREA				
Área:		CIENCIAS SOCIAIS		
Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	
1º	CS	1º-CSB3.2.1-Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	Nomea, polo menos, tres membros da comunidade escolar e explica o que fan.	
1º	CS	1º-CSB1.1.2-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	É quen de realizar tarefas con certa autonomía.	
1º	CS	1º-CSB1.4.1-Identifica a terminoloxía propia da área.	Identifica o vocabulario principal de cada unidade de traballo.	
1º	CS	1º-CSB2.1.2-Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.	Identifica os elementos principais da súa contorna máis próxima.	
1º	CS	1º-CSB2.2.1-Describe as características principais do aire e da auga.	É quen de nomear como mínimo dúas características do aire e da auga.	
1º	CS	1º-CSB2.4.1-Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	Identifica os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo.	
1º	CS	1º-CSB2.6.1-Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	Nomea, polo menos, dous elementos no ceo e entende a importancia do sol na nosa vida.	
1º	CS	1º-CSB2.7.1-Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.	É quen de relacionar o movemento dos elementos do ceo cos cambios ao longo dun día.	
1º	CS	1º-CSB2.8.1-Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	É quen de identificar elementos das paisaxes naturais e das construídas polo home.	
1º	CS	1º-CSB2.9.1-Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	É quen de nomear unha medida para conservar a natureza na contorna.	
1º	CS	1º-CSB3.1.1-Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	Identifica as relacións de parentesco e a importancia de repartir as tarefas domésticas.	
1º	CS	1º-CSB3.4.1-Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.	Identifica as partes principais da casa e explica para que se utilizan.	
1º	CS	1º-CSB3.4.2-Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	É quen de identificar distintos tipos de vivendas indicando, oralmente, unha característica de cada unha como mínimo.	
1º	CS	1º-CSB3.5.1-Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	Identifica cidade e aldea.	
1º	CS	1º-CSB3.6.1-Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.	Identifica e distingue os medios de transporte da contorna. Indica algunha das súas características.	
1º	CS	1º-CSB3.7.1-Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	Coñece o significado das cores dos semáforos e o uso dos pasos de peóns.	
1º	CS	1º-CSB4.2.1-Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	Identifica pais e avós.	
1º	CS	1º-CSB4.3.1-Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	Nomea os días da semana, os meses do ano e as estacións.	

LINGUA CASTELA E LITERATURA

PERFIL DE ÁREA				
Área:		LINGUA CASTELÁ		
Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	
1º	LC	1º-LCB.1.4.1-Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	Utiliza vocabulario axeitado a súa idade.	
1º	LC	1º-LCB.1.5.1-Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	Comprende a idea principal dunha exposición oral.	
1º	LC	1º-LCB.1.9.1-Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	Expresa as súas experiencias.	
1º	LC	1º-LCB.2.1.1-Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	Le e comprende unha oración sinxela.	
1º	LC	1º-LCB3.1.1-Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	Discrimina sons nas palabras .Evoluciona na grafomotricidade dos trazos.	
1º	LC	1º-LCB3.3.1-Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas	Elabora de forma escrita oracións simples con senso.	

MATEMÁTICAS

PERFIL DE ÁREA				
Área:		MATEMÁTICAS		
Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	
1º	MT	1º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 99.	Le números ata o 50. Escribe con letra ata o 25. Escribe con número ata o 50. Ordena números ata o 50.	
1º	MT	1º-MTB2.1.2-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.	Diferencia entre unidades e decenas.	
1º	MT	1º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 50.	
1º	MT	1º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Descompón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras ata o 50.	
1º	MT	1º-MTB2.2.4-Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.	Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.	
1º	MT	1º-MTB2.3.3-Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.	É quen de facer sumas e restas sen levar.	
1º	MT	1º-MTB3.1.1-Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.	É capaz de medir o longo e o ancho da súa mesa con medidas naturais.	
1º	MT	1º-MTB3.2.1-Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.	É capaz de dicir que pesa máis nunha balanza.	
1º	MT	1º-MTB3.4.3-Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	Cofece se é a mañá, a tarde ou a noite.	
1º	MT	1º-MTB4.1.2-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	Indica en que posición está un obxecto en relación con outro utilizando os conceptos de está diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	
1º	MT	1º-MTB4.2.1-Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	Recoñece formas básicas: cadrado, círculo, triángulo, rectángulo.	
1º	MT	1º-MTB5.1.1-Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.	Compara dúas barras dunha representación gráfica, e é quen de dicir cal é a que ten máis valor.	

PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

Estándar		Grao mínimo para superar a área		
PLE-B1.2	1º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	***Identifica vocabulario moi sinxelo con apoio visual (flashcards).	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Producións orais. Posta en común.	CCL
PLE-B1.4	1º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis).	***Segue as seguintes instrucións: Sit down, open/close your book.	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Lista de control/cotexo. Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL
PLE-B3.1	1º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	*** Identifica, alomenos, a metade das palabras sobre o vocabulario traballado na aula.	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Textos escritos.	CCL
PLE-B5.2	1º-PLEB5.2 - Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	***Utiliza de xeito adecuado as seguintes expresións: Hello, Bye	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asamblea. Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC CCL
PLE-B5.6	1º-PLEB5.6 - Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad)	***Identifica os seguintes estados de ánimo: Happy/Sad.	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asamblea. Posta en común.	CCL
PLE-B5.11	1º-PLEB5.11 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.	***Participa de forma activa nos xogos propostos na aula.	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC

EDUCACIÓN FÍSICA

Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)
1º	EF	1º-EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas.	***Participa de xeito activo nas actividades propostas
1º	EF	1º-EFB1.3.4-Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	*** participa na recollida e organización do material empregado nas clases
1º	EF	1º-EFB1.3.5-Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.	***Acepta ós demais xogadores
1º	EF	1º-EFB2.2.1-Coñece e identifica as partes do corpo propias.	***Coñece as partes do corpo e as principais articulacións
1º	EF	1º-EFB2.2.2-Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.	***Equilibrase en estático sen axuda durante 5''
1º	EF	1º-EFB2.2.3-Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.	***Ten boa resposta aud / visual espontánea
1º	EF	1º-EFB4.1.1-Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.	***Mostra unha evolución na súa desinhibición e a espontaneidade
1º	EF	1º-EFB6.2.3-Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	***Practica de xeito correcto os xogos populares máis sinxelos
1º	EF	1º-EFB4.1.2-Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.	Reproduce algunha estruturas rítmica sinxela
1º	EF	1º-EFB1.1.1-Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	Relaciónase co grupo mediante o xogo positivamente
1º	EF	1º-EFB3.1.3-Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.	Fai xiros sobre o eixe lonx.: cambios de sentido e cambios de dirección
1º	EF	1º-EFB3.1.4-Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	Mantén o control da tensión, da relaxación e da respiración nos primeiros segundos do equilibrio
1º	EF	1º-EFB4.1.3-Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.	Participa activamente en danzas da nosa e doutras culturas
1º	EF	1º-EFB5.1.1-Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.	Lava e seca as mans de xeito autónomo, facendo un uso correcto das intalacións e do material empregado (xabón e toalla pequena)
1º	EF	1º-EFB5.1.3-Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.	Incorpora progresivamente a actividade física na súa rutina diaria ou semanal
1º	EF	1º-EFB5.2.1-Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.	Participa de xeito prudente nas actividades propostas



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura

Membro da



Escolas
Associadas da
XUNTA DE GALICIA

1º	EF	1º-EFB6.1.2-Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.	Participa activa e correctamente en xogos con regras sexelas de cooperación e oposición
1º	EF	1º-EFB6.3.1-Realiza actividades no medio natural.	Participa de xeito activo en actividades no medio natural en función das súas posibilidades e limitacións
1º	EF	1º-EFB6.3.2-Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.	Cumpre as principais medidas de cara a preservar o medio ambiente
1º	EF	1º-EFB1.1.2-Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.	Compórtase ben nos xogos
1º	EF	1º-EFB1.2.1-Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	Atopa datos mediante pasos moi marcados
1º	EF	1º-EFB1.3.2-Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.	Resolve satisfactoriamente as dificultades que se lle presentan nas distintas situacións de xogo habituais
1º	EF	1º-EFB1.3.3-Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	Lava a cara e as mans de xeito autónomo (no remate das sesións)
1º	EF	1º-EFB3.1.2-Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.	Emprega os saltos nos xogos de xeito mínimamente coordinado, permitíndolle resolver problemas ou situacións múltiples sinxelas
1º	EF	1º-EFB6.1.1-Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.	Comprende os aspectos máis básicos (ocupación do espazo,...) en diferentes situacións de xogo
1º	EF	1º-EFB6.2.1-Practica xogos libres e xogos organizados.	Participa activamente en xogos de organización simple
1º	EF	1º-EFB2.1.1-Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.	Respecta os demais membros do grupo
1º	EF	1º-EFB3.1.1-Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.	Desprázase alternando brazo/ perna e Desprázase adecuadamente estendendo a punta do pé
1º	EF	1º-EFB5.1.2-Adopta hábitos alimentarios saudables.	Iníciase nunha alimentación variada e equilibrada
1º	EF	1º-EFB6.2.2-Recoñece xogos tradicionais de Galicia.	Coñece e practica os xogos tradicionais máis populares

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)
1º	VSC	1º-VSCB1.1.1-Exprésala percepción da súa propia identidade.	É quen de indicar como mínimo tres características súas.
1º	VSC	1º-VSCB1.1.3-Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	Indica verbalmente unha visión positiva das súas principais características físicas e persoais.
1º	VSC	1º-VSCB1.2.1-Identifica e comunica as súas emocións.	Identifica e comunica as principais emocións: ledicia, tristeza, medo, enfado.
1º	VSC	1º-VSCB1.2.3-Dramatiza diferentes estados de ánimo.	É quen de representar os principais estados de ánimo.
1º	VSC	1º-VSCB1.3.3-Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía.	Interpreta o contorno e desenvólvese nel con certo grao de autonomía.
1º	VSC	1º-VSCB1.4.1-Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	Realiza as tarefas seguindo pautas moi marcadas.
1º	VSC	1º-VSCB1.4.2-Analiza e manifesta verbalmente qué e cómo aprendeu.	É quen de expresar verbalmente o que aprendeu.
1º	VSC	1º-VSCB2.1.2-Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.	Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e imaxes observadas seguindo un modelo.
1º	VSC	1º-VSCB2.1.3-Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	É quen de expresar oralmente os principais afectos e emocións.
1º	VSC	1º-VSCB2.2.2-Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.	É quen de escoitar e comprender as principais ideas que expoñen outros compañeiros ao traballar en equipo.
1º	VSC	1º-VSCB2.2.3-Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.	Exprésa oralmente ideas básicas sobre un tema respectando as quendas de palabra.
1º	VSC	1º-VSCB2.3.1-Describe oralmente as características de diferentes persoas.	Describe oralmente as principais características das persoas seguindo un modelo.
1º	VSC	1º-VSCB2.3.2-Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.	É quen de recoñecer as principais emocións e estados de ánimo dos compañeiros.
1º	VSC	1º-VSCB2.3.3-Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.	Identifica as emocións dos personaxes en fotografías, pinturas e películas.
1º	VSC	1º-VSCB2.3.4-Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.	É quen de dramatizar feitos observados previamente, amosando os principais estados de ánimo e sentimentos, seguindo un modelo.
1º	VSC	1º-VSCB3.1.1-Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.	Colabora en distintas situacións.
1º	VSC	1º-VSCB3.1.2-Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.	É quen de axudar aos demais e de pedir axuda.
1º	VSC	1º-VSCB3.1.3-Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.	Establece relacións cordiais co resto de compañeiros e compañeiras.
1º	VSC	1º-VSCB3.2.1-Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade.	Soluciona problemas persoais da vida escolar con certo grao de independencia.



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura

Membro da



Escolas
Afectadas de
UNESCO

1º	VSC	1º-VSCB3.3.1-Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.	Coñece as principais normas de convivencia da aula.	
1º	VSC	1º-VSCB3.3.2-Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.	É quen de valorar se determinadas condutas son acordes ás principais normas do centro escolar.	
1º	VSC	1º-VSCB3.3.3-Fai uso adecuado do material.	É quen de coidar e recoller o material.	
1º	VSC	1º-VSCB3.4.1-Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	É quen de levar a cabo diferentes actividades independentemente do seu sexo.	
1º	VSC	1º-VSCB3.4.2-Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	Axuda a persoas doutro sexo a relizar tarefas escolares.	
1º	VSC	1º-VSCB3.5.2-Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	Recoñece os principais sinais de tráfico.	

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA

Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	
1º	EP	1º-EPB1.2.1-Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.	Ten interese pola limpeza dos traballos e coida o material.	
1º	EP	1º-EPB1.3.2-Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.	Identifica as formas básicas. Nomea as formas básicas. Debuxa as formas básicas.	
1º	EP	1º-EPB1.3.3-Identifica os tamaños.	Identifica os tamaños: grande, mediano e pequeno.	
1º	EP	1º-EPB1.3.4-Identifica e usa as cores aprendidas.	Identifica e usa as cores aprendidas.	
1º	EP	1º-EPB1.3.7-Identifica figuras xeométricas básicas.	Identifica: cadrado, círculo, triángulo e rectángulo.	
1º	EP	1º-EPB1.3.8-Identifica os diferentes tipos de liña.	Diferencia entre liña curva e liña recta.	
1º	EP	1º-EPB2.1.1-Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	Manexa diferentes texturas.	
1º	EP	1º-EPB2.1.2-Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.	Completa debuxos.	
1º	EP	1º-EPB2.1.4-Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	Sitúa elementos no espazo: arriba-abaixo, diante-detrás ...	
1º	EP	1º-EPB2.2.2-Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher, usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	Producir obras plásticas utilizando técnicas: picar recortar, colorear, pegar...	

EDUCACIÓN MUSICAL

Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)
1º	EM	1º-EMB1.1.1-Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	*Explora calidades do son co corpo,obxectos,instrumentos,voz.
1º	EM	1º-EMB1.1.2-Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	*Representa calidades do son.
1º	EM	1º-EMB1.1.3-Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	Discrimina sons en diferentes contextos.
1º	EM	1º-EMB1.1.4-Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	Emprega aplicación informáticas en xogos musicais.
1º	EM	1º-EMB1.1.5-Identifica voces masculinas e femininas.	*Identifica voces masculinas e femininas.
1º	EM	1º-EMB1.2.1-Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións	*Respecta os silencios nas audicións.
1º	EM	1º-EMB1.2.2-Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.	*Respecta as opinión alleas.
1º	EM	1º-EMB1.3.1-Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.	Coñece algunhas persoas compositoras.
1º	EM	1º-EMB1.3.2-Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
1º	EM	1º-EMB1.4.1-Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.	Expresa sentimentos tras una audición.
1º	EM	1º-EMB1.4.2-Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	Emprega vocabulario básico musical.
1º	EM	1º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	Identifica e discrimina distintas elementos da linguaxe musical.
1º	EM	1º-EMB1.5.2-Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.	*Expresa elementos do son sen notación.
1º	EM	1º-EMB1.5.3-Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
1º	EM	1º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.	Reproduce esquemas rítmicos.
1º	EM	1º-EMB2.1.2-Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	Emprega materiais de refugallo na elaboración de instrumentos.
1º	EM	1º-EMB2.2.1-Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Interpreta un pequeno repertorio musical.
1º	EM	1º-EMB2.2.2-Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.	Procura pequenas improvisacións.

1º	EM	1º-EMB2.2.3-Fai de xeito consciente o proceso da respiración.	Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
1º	EM	1º-EMB2.2.4-Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.	Interpreta esquemas rítmicos.
1º	EM	1º-EMB2.3.1-Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	Acompaña cancións con apoio rítmico.
1º	EM	1º-EMB2.3.2-Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.	Realiza acción rítmicas en pregunta-resposta.
1º	EM	1º-EMB2.3.3-Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	Reproduce esquemas rítmicos con figuras diferentes
1º	EM	1º-EMB2.3.4-Elix e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.	Reproduce ostinatos rítmicos en acompañamentos musicais
1º	EM	1º-EMB2.3.5-Elix e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.	Identifica sons na sonorización de relatos.
1º	EM	1º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	*Realiza pequenas coreografías axeitando música e movemento.
1º	EM	1º-EMB3.1.2-Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.	*Respecta as normas na interacción cos demais.
1º	EM	1º-EMB3.2.1-Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	Responde con movemento a estímulos sonoros.
1º	EM	1º-EMB3.2.2-Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.	Coordina as extremidades en actividades de movemento.
1º	EM	1º-EMB3.2.3-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.	*Utiliza o corpo como instrumento para a expresión.



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura

Membro de



Escolas
Associadas de
UNESCO

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)	
1º	LG	1º-LGB1.1.1-Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	Comprende a idea principal dunha exposición oral.	
1º	LG	1º-LGB1.2.1-Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	Comprende a idea principal dunha exposición audiovisual.	
1º	LG	1º-LGB1.3.2-Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	Entende as explicacións da clase.	
1º	LG	1º-LGB2.3.2-Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.	Le frases curtas sinxelas.	
1º	LG	1º-LGB3.5.1-Illustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	Ilustra os seus escritos.	
1º	LG	1º-LGB4.1.2-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	Diferencia as sílabas nunha palabra.	
1º	LG	1º-LGB4.3.2-Separa as palabras que conforman un enunciado.	Separa as palabras nunha frase sinxela.	
1º	LG	1º-LGB5.2.2-Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	Le textos adecuados.	

RELIXIÓN CATÓLICA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro
REC-B1.1	1º-RECB1.1.1 - Coñece, respecta e cuida a obra creada.	Recoñece a importancia da obra creada por Deus
REC-B1.1	1º-RECB1.1.2 - Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.	Amosa agradecemento e respecto pola natureza
REC-B1.2	1º-RECB1.2.1 - Identifica e enumera os cuidados que recibe na súa vida como don de Deus.	Identifica as persoas que o queren e fan feliz

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro
REC-B1.3	1º-RECB1.3.1 - Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.	Recoñece a través que o home e capaz de falar con Deus
REC-B1.3	1º-RECB1.3.2 - Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento.	Amosa comportamentos que fan feliz a Deus e aos demais
REC-B2.1	1º-RECB2.1.1 - Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.	Identifica personaxes bíblicos
REC-B2.1	1º-RECB2.1.2 - Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: cuidado, protección, acompañamento, colaboración, etc.	Identifica comportamentos de misericordia en diferentes contextos



**XUNTA
DE GALICIA**

**COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO**

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura

Membro da



Escolas
Associadas da
XUNTA DE GALICIA

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro
REC-B3.1	1º-RECB3.1.1 - Identifica a María e a Xesús como comunidade na que Deus faise presente entre os homes	Identifica a María como nai de Xesús
REC-B3.1	1º-RECB3.1.2 - Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza sa súa.	Coñece a familia de Xesús
REC-B3.2	1º-RECB3.2.1 - Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.	Identifica os personaxes e lugares da vida de Xesús
REC-B3.3	1º-RECB3.3.1 - Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.	Identifica elementos da Semana Santa

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro
REC-B4.1	1º-RECB4.1.1 - Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia.	Identifica as cousas que aporta a Igrexa coas da súa familia
REC-B4.2	1º-RECB4.2.1 - Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.	Identifica a Igrexa como o conxunto de amigos de Xesús
REC-B4.3	1º-RECB4.3.1 - Coñece e expresa o sentido do domingo.	Identifica o Domingo como día do Señor

RELIXIÓN EVANXÉLICA

Contido	Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro
EREB1.4 - Xesús ensíname que podo falar con Deus.	EREB1.2 - Identificar a oración como medio que Deus prové para a comunicación persoal con El (Bloque 1)	1º-EREB1.2.1 - Describe a oración como medio para a comunicación persoal con Deus.	Describe a oración como medio para a comunicación persoal con Deus.
EREB3.1 - Nadal,nace Xesús. EREB3.3 - Xesús morre e resucita por min e trae a salvación	EREB3.1 Comprender a obra redentora que realizou Cristo, analizando as implicacións persoais.	1º-EREB3.1.4 - Identifica feitos e personaxes do Novo Testamento que falan sobre o nacemento, morte e resurrección de Xesús	Identifica algún feito e personaxe do Novo Testamento que falan sobre o nacemento, morte e resurrección de Xesús
EREB4.1 - Son parte da familia de Xesús: a Igrexa.	EREB4.2 - Descubrir que a través de aceptar a Xesús como Señor e Salvador pódese formar parte do Pobo de Deus, a Igrexa. [Bloque 4]	1º-EREB4.2.3- Identifica e comenta pasaxes que falan da oportunidade de formar parte da familia da fe	Identifica algún pasaxe que fala da oportunidade de formar parte da familia da fe
EREB5.2 - O relato de Xénese da creación.	EREB5.1 - Recoñecer a Deus como Creador, identifica trazos do seu carácter, o seu propósito eterno e plan de redención para a humanidade.	1º-EREB5.1.4 Coñece o relato da Creación e a secuencia seguida para a súa culminación	Coñece que Deus creou o mundo en sete días seguindo o relato da Biblia.
EREB6.1 - Disfrute do amor de Deus cos amigos	EREB6.1 Mostrar respecto e coidado cara aos demais na interacción cotiá e xogos. [Bloque 6]	1º-EREB6.1.2 - Comprende as mostras de amor na familia.	Comprende as mostras de amor na familia.
EREB6.2 - A ledicia de compartir. Compartir é axudar	EREB6.1 Mostrar respecto e coidado cara aos demais na interacción cotiá e xogos. [Bloque 6]	1º-EREB6.1.10 - Identifica a David e Jonatán como amigos que se coidaban e axudaban mutuamente.	Identifica os persoaxes de David e Jonatán. Describe coas súas propias palabras que é amizade
EREB6.3 - A familia de Xesús e a miña familia.	EREB6.2 - Identificar os membros da familia de Xesús, e os roles asignados por Deus para cada un dos membros da familia (pai, nai, fillos). [Bloque 6]	1º-EREB6.2.2 - Comprende que Xesús creceu sendo parte dunha familia.	Comprende que Xesús creceu sendo parte dunha familia

 <p>XUNTA DE GALICIA</p>	<p>COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO</p> <p>Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18</p>	 <p>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</p> <p>Membro da</p>  <p>Escolas Asociadas de UNESCO</p>
---	--	--

2º Educación Primaria

CIENCIAS DA NATUREZA

Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Iniciación á actividade científica				
Bloque 2: O ser humano e saúde				
2º	CN	2º-CNB2.1.1-Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.	* É capaz de identificar e describir as principais partes do corpo humano en relación co doutros seres vivos.	CN-B2.1
2º	CN	2º-CNB2.1.2-Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.	* É capaz de identificar a respiración e a nutrición como funcións vitais do ser humano.	CN-B2.1
Bloque 3: Os seres vivos				
2º	CN	2º-CNB3.1.1-Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.	* Coñece a grandes rasgos diferenzas entre seres vivos e inertes.	CN-B3.1
2º	CN	2º-CNB3.1.2-Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.	* Identifica e describe animais e plantas do seu contorno próximo.	CN-B3.1
2º	CN	2º-CNB3.2.1-Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.	* Nomea, a partir da observación, seres vivos do seu contorno.	CN-B3.2
Bloque 4: Materia e enerxía				
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas				
2º	CN	2º-CNB5.1.1-Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.	* Identifica e coñece máquinas do contorno próximo.	CN-B5.1
2º	CN	2º-CNB5.1.2-Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.	* Coñece algún oficio das persoas do seu contorno.	CN-B5.1

CIENCIAS SOCIAIS

Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Contidos comúns				
2º	CS	2º-CSB1.4.1-Identifica a terminoloxía propia da área.	*Identifica algunha terminoloxía propia da área.	CS-B1.4
Bloque 2: O mundo que nos rodea				
2º	CS	2º-CSB2.1.1-Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	*Pon exemplos dalgúns usos que o ser humano fai da auga, próximos a súa realidade.	CS-B2.1
2º	CS	2º-CSB2.2.1-Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	*Identifica os lugares onde hai auga na contorna.	CS-B2.2
2º	CS	2º-CSB2.5.1-Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	*Identifica algúns elementos da paisaxe natural e urbana, mais directos á súa realidade.	CS-B2.5
2º	CS	2º-CSB2.6.1-Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	*Cita elementos básicos da paisaxe local.	CS-B2.6
Bloque 3: Vivir en sociedade				
2º	CS	2º-CSB3.7.1-Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	*Describe as principais funcións das profesións máis directamente relacionadas co neno/a.	CS-B3.7
2º	CS	2º-CSB3.8.1-Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	* Explica as normas básicas viarias.	CSB3.8
Bloque 4: As pegadas do tempo				
2º	CS	2º-CSB4.3.1-Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	*Ordena secuencias sinxelas que demostren a evolución do tempo nas persoas e nos feitos.	CS-B4.3

 XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO	 <small>Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura</small>	<small>Membro da</small>  <small>Escolas Asociadas de UNESCO</small>
	Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 886 15 15 13 Fax: 886 15 15 18		

LINGUA CASTELA E LITERATURA

Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar				
2º	LC	2º-LCB1.5.1-Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	* Comprende de forma global a información global de un texto oral sinxelo de uso habitual do ámbito escolar e social.	LC-B1.5
2º	LC	2º-LCB1.5.3-Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	* Responde preguntas sinxelas á comprensión literal.	LC-B1.5
2º	LC	2º-LCB1.6.2-Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	* Recoñece de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil.	LC-B1.6
2º	LC	2º-LCB1.9.1-Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas.	* Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos	LC-B1.9
2º	LC	2º-LCB1.11.1-Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	* Emprega de xeito básico a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	LC-B1.11
Bloque 2: Comunicación escrita: ler				
2º	LC	2º-LCB2.1.1-Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	* Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade	LC-B2.1
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir				
2º	LC	2º-LCB3.1.1-Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios	* Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá: cartas, noticias e receitas, respectando as normas gramaticais e ortográficas máis básicas.	LC-B3.1
Bloque 4: Coñecemento da lingua				
2º	LC	2º-LCB4.1.1-Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	* Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo.	LC-B4.1
2º	LC	2º-LCB4.3.1-Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	* Escribe respectando as normas ortográficas do nivel: maiúsculas e punto.	LC-B4.3
2º	LC	2º-LCB4.4.1-Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.	* Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral.	LC-B4.4

MATEMÁTICAS

Nivel	Área	Estándar	Grao mínimo (indicador de logro)	Criterio
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
Bloque 2: Números				
2º	MT	2º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 999.	* Le, escribe e ordena números ata o 100.	MT-B2.1
2º	MT	2º-MTB2.1.3-Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes	* Realiza algunhas series tanto ascendentes como descendentes.	MT-B2.1
2º	MT	2º-MTB2.2.1-Utiliza os números ordinais en contextos reais.	* Utiliza os números ordinais.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999.	* Interpreta en contextos da vida cotiá, números naturais ata o 500.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	* Descompón e compón números naturais, segundo o valor das súas cifras, ata o 500.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.2.4-Identifica os números pares e os impares.	* Identifica os números pares e impares.	MT-B2.2
2º	MT	2º-MTB2.3.1-. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados.	* Realiza cálculos numéricos básicos coas operacións de suma con levadas e resta sen levar en situacións contextualizadas.	MT-B2.3
2º	MT	2º-MTB2.3.3-Resolve operacións con cálculo mental.	* Resolve algunhas operacións a través do cálculo mental, traballadas no curso.	MT-B2.3
2º	MT	2º-MTB2.4.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	* Resolve problemas sinxelos referidos a contidos básicos traballados.	MT-B2.4
Bloque 3: Medida				
Bloque 4: Xeometría				
2º	MT	2º-MTB4.1.1-Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.	* Completa, con axuda, figuras partindo do seu eixe de simetría.	MT-B4.1
2º	MT	2º-MTB4.2.1-Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.	* Coñece os diferentes tipos de polígonos máis importantes no contorno.	MT-B4.2

PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

Estándar		Grao mínimo para superar a materia		
PLE-B1.2	2º-PLEB1.2 - Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	***Identifica o vocabulario básico de cada unidade con apoio visual.	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Producións orais. Posta en común.	CCL
PLE-B1.4	2º-PLEB1.4 - Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down).	***Segue e comprende as seguintes instrucións: Open/Close your book, Sit down/Stand up, switch on/off the lights	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Posta en común.	CCL
PLE-B3.1	2º-PLEB3.1 - Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	***Recoñece, alomenos, o 75% das palabras en textos escritos relacionadas cos temas traballados na aula.	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producción orais e escritas.	CCL
PLE-B4.1	2º-PLEB4.1 - Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	***Escribe, alomenos, a metade das palabras clave de cada unidade correctamente	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
PLE-B5.4	2º-PLEB5.4 - Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, Thank you, excuse me...)	*** **Utiliza correctamente saúdos (Hello, good morning), despedidas (Bye bye), dá as grazas (thank you) e emprega fórmulas de cortesía (please)	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Posta en común.	CCL CSC
PLE-B5.12	2º-PLEB5.12 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións, etc.	***Participa de forma activa nos xogos propostos dentro da aula.	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CSC

EDUCACIÓN FÍSICA

Nivel	Área	Estándares	Indicador de logro (grao mínimo)
2º	EF	2º-EFB1.3.1-Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	***Participa de xeito activo nas actividades propostas
2º	EF	2º-EFB1.3.4-Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	***Coñece o lugar concreto onde se almacena o material e involucrase na recollida e o traslado
2º	EF	2º-EFB1.3.5-Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	***Acepta ós demais xogadores
2º	EF	2º-EFB2.2.1-Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a.	***Coñece as partes do corpo e as principais articulacións do seu corpo e dun compañeiro
2º	EF	2º-EFB2.2.2-Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable.	***Equilibrase en estático sen axuda cambiando o centro de gravidade
2º	EF	2º-EFB2.2.4-Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos, diminuindo os tempos de resposta.	***Recoñece os estímulos visuais e auditivos e tenta reaccionar a eles.
2º	EF	2º-EFB4.1.1-Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.	***Mostra unha evolución na súa desinhibición e a espontaneidade
2º	EF	2º-EFB6.2.3-Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	***Practica de xeito correcto os xogos populares máis sinxelos
2º	EF	2º-EFB3.1.5-Equilibra o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.	Realiza actividades controlando o corpo en equilibrio.
2º	EF	2º-EFB4.1.2-Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.	Reproduce algunha estruturas rítmicas sinxelas
